



**Resolución de 9 de febreiro de 2018 da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, pola que se abre prazo de matrícula para a realización dos módulos transversais do curso de Incorporación á Empresa Agraria na modalidade de teleformación.**

Posta en marcha a plataforma de teleformación da Consellería do Medio Rural, dentro da oferta formativa deste ano 2018 vanse realizar nesta modalidade os módulos transversais do curso de Incorporación á Empresa Agraria.

Aos efectos de planificar a oferta formativa de teleformación, faise preciso abrir un prazo de matrícula para todas aquelas persoas interesadas en participar na dita formación. Dito prazo vai dende o 9 de febreiro ata o 12 de marzo inclusive.

Rematado o dito prazo de solicitudes, procederase á aprobación do listado provisional de alumnos admitidos para a realización dos ditos módulos.

As persoas aspirantes que non figuren no listado provisional de admitidos, disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da correspondente resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural, para reclamar ou enmendar a súa exclusión.

Para a admisión ao curso, serán de aplicación os seguintes criterios de prioridade:

- 1º) Mozos e mozas coa axuda aprobada de incorporación á actividade agraria.
- 2º) Mozos e mozas con incorporación obrigatoria por cambio de titularidade derivada de falecemento ou xubilación.
- 3º) Mozos e mozas en previsión de incorporación á actividade agraria.
- 4º) Outros colectivos.

Santiago de Compostela,  
Asinado dixitalmente  
O director xeral de Ordenación Forestal

Tomás Fernández-Couto Juanas

